

BASES REGULADORAS DA FESTA DO DEPORTE 2018

1.- DEFINIÇÃO DO EVENTO

A Festa do Deporte SCQ nace como unha iniciativa promovida polo Concello de Santiago de Compostela e a participación das diferentes Entidades Deportivas da cidade. Trátase dun evento deportivo de tipo recreativo e popular que estará aberto á participación de toda a familia, con actividades adaptadas ao nivel de todos os participantes mostrando a gran diversidade de opcións que brinda deportivamente a nosa cidade.

2.- DATAS E LUGARES

Despois da experiencia do ano anterior, prográmanse dous días de actividade, a celebrar inicialmente o venres 28 e sábado 29 de setembro. O horario de actividade para cada unha das xornadas será o seguinte:

- Venres 28 de setembro: de 10,30 a 14 horas e de 17,30 horas a 20,30 horas.
- Sábado 29 de setembro: de 10,30 a 14,30 horas.

A Festa do Deporte pretende ser un gran escenario que facilite a máxima participación de todos os axentes implicados, polo que centrará os seus focos en espazos de libre concorrencia como son o Parque Público de Galeras e a Praza Roxa, xunto con instalacións deportivas tradicionais como son as ubicadas en Santa Isabel (pavillón polideportivo e campo de fútbol). Cada espazo contará con sedes e espazos adaptados para realizar as diferentes actividades deportivas, en función da modalidade e da entidade inscrita, buscando en todo momento encaixar do mellor xeito posible as necesidades de cada deporte.

3.- COMISIÓN ORGANIZADORA

Para a organización e xestión da Festa do Deporte, conformarase unha Comisión Organizadora cuxo fin é velar polo bo funcionamento e o interese xeral do evento. Esta comisión estará presidida pola Concelleira de Deportes e terá como principais cometidos os seguintes:

- Garantir o correcto desenvolvemento do evento.
- Coordinar as necesidades das entidades inscritas e facilitar a súa participación.
- Definir, en colaboración cos clubs e federacións galegas, a programación da Festa do Deporte
- Establecer os mecanismos necesarios para poder atender os requirimentos de infraestrutura e loxística precisos para a posta en funcionamento de cada modalidade deportiva.
- Estruturar o programa do evento.

A Comisión Organizadora terá en todo momento comunicación coas Entidades Deportivas participantes para a debida coordinación nos días previos ao evento (transporte de material, localizacións, acción de montaxe e decoración de espazos, horarios de participación). Ademais, reservarse o dereito de modificar, cando se estime necesario, as datas, os horarios e os espazos previstos notificándollos ás entidades participantes.

O Concello de Santiago, asumirá o custo dun seguro de accidentes innominado para todos os participantes ao evento e dotará a Festa do Deporte dun dispositivo Sanitario dimensionado a esta proposta, así como, colaborará e supervisará o desenrolo das actividades nas sedes deportivas.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



Como medio de difusión e promoción da actividade e das entidades participantes, porase en funcionamento a páxina web festadodeporte.santiagodecompostela.gal a finais do mes de agosto.

4.- INSCRIPCIÓN DAS ENTIDADES PARTICIPANTES

As entidades deportivas interesadas en formar parte do programa da Festa do Deporte e participar activamente deste evento deberán inscribirse previamente polo que será necesario que cumprimente o formulario de inscrición e o presenten no Rexistro Municipal. O formulario de inscrición está dispoñible na páxina web do Departamento Municipal de Deportes deportes.santiagodecompostela.gal.

A participación na Festa do Deporte está supeditada á correcta inscrición das entidades deportivas e ao seu compromiso de colaboración coa realización do evento.

O primeiro prazo oficial de inscrición comeza o 16 de xullo e finalizará o 31 de xullo. Realizarase un segundo prazo de inscrición dende o día 3 de setembro ata o día 13 de setembro. Terán preferencia aquelas entidades que formalicen a súa participación durante o primeiro prazo.

En todo caso, dado que o obxectivo da Festa do Deporte e favorecer a máxima participación, creárase unha listaxe de reserva, ordenada cronoloxicamente segundo o número e data de entrada no Rexistro Municipal, no caso de que as solicitudes superen o número de espazos/sedes dispoñibles. Se algunha entidade das que teña concedido un espazo desistise da súa solicitude, será substituída pola primeira entidade que se atope en dita lista de reserva.

Unha vez inscrita, se a entidade desexa cancelar a súa participación, deberá comunicalo por escrito cunha antelación mínima de QUINCE DÍAS hábiles antes do inicio do evento.

Ademais, a aceptación destas bases supón o consentimento á organización do evento, para gravar a participación da entidade inscrita nesta actividade mediante fotografías, vídeo, televisión e outros medios. O Concello de Santiago de Compostela, poderá utilizar dito contido en calquera forma de publicidade e promoción.

5.- SEDES DE ACTIVIDADE

Cada Entidade Deportiva participante disporá dun espazo concreto para exhibir o seu deporte, promocionalo e captar novos deportistas. O obxectivo é que poidan aproveitar da mellor maneira posible o seu espazo podendo ofrecer presentacións, exhibicións, charlas informativas, clases, etc. Neste sentido, ao efecto de garantir a correcta coordinación do evento, cada entidade deberá poñer en coñecemento da Comisión Organizadora todas as accións que desexe realizar. Ademais, poderán ceder fotos e vídeos, así como os nomes de usuarios das súas redes sociais, ca finalidade de dinamizar e dar unha maior visibilidade a través das redes sociais tanto ao evento coma as propias entidades participantes.

Para todas aquelas entidades que non poidan estar presentes ou que, por cuestións de loxística, o seu deporte non poida levarse a cabo no ámbito das sedes que conforman á Festa do Deporte, disporán dun espazo común e específico para difundir e/ou entregar información divulgativa propia que lles permita promocionar a súa actividade.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



As Entidades Deportivas participantes están obrigadas realización da montaxe previa, así como a retirar os seus materiais ao finalizar o evento e a deixar os espazos en idénticas condicións ás recibidas no momento de inicio do evento.

É responsabilidade da entidade garantir que o material a empregar da súa propiedade se atope en correcto estado de uso e de ser necesario, dispoña da homologación oportuna.

6.- SEGUROS

Todas as entidades participantes deberán ter asegurado ao seu persoal contra accidentes, así como ter en regra os trámites de seguros sociais, impostos e demais obrigacións laborais e fiscais, previstas na lexislación vixente, incluídos os aspectos relacionados coa Prevención de Riscos Laborais, ademais de ter cuberta a responsabilidade civil que puidese derivarse das súas exposicións. A organización deste evento declinará calquera posible reclamación ou incidencia neste sentido.

O incumprimento de calquera das obrigacións por parte das Entidades Deportivas participantes dará lugar a que a Comisión Organizadora:

- Solicite o cumprimento do compromiso suscrito á Entidade Deportiva participante ao subscribir a súa solicitude de inscrición.
- Rescindir o mesmo de pleno dereito, se o estima oportuno.

7.- EVENTO

Durante a celebración do evento, en todo o horario de apertura ao público, sempre estará presente algún formador ou adestrador da entidade participante co fin de garantir o desenvolvemento da actividade.

En todo caso, haberá persoal de atención nas sedes do evento para solucionar calquera tipo de dúbida ou incidente desta proposta deportiva.

A localización de cada Entidade Deportiva participante, realizarase segundo as necesidades de cada actividade e coordinarase entre a Comisión Organizadora e o colectivo. Cada entidade deberá achegar o material que considere necesario para o desenvolvemento da súa acción, podendo trasladar á Comisión Organizadora necesidades puntuais para a súa valoración (transporte, almacenamento...).

Durante a celebración do evento será obrigatorio atender e cumprir as indicacións que se trasladen por parte dos membros/as da Comisión Organizadora e, en especial, o seguinte:

- Non estará permitida a venda de ningún tipo de produto por parte das Entidades.
- O único son admitido é o dos equipos da megafonía común do evento.
- Seguir as pautas que procedan para as labores de montaxe, estando prohibido perforar, romper ou deteriorar o chan.
- Non está permitido a colocación de elementos publicitarios.

A participación na Festa do Deporte, implica para as Entidades Deportivas inscritas a aceptación expresa das presentes bases, ademais dos comunicados e/ou boletíns informativos que puidesen ser emitidos para ese efecto polo Concello de Santiago de Compostela. O incumprimento dalgún destes termos implicaría a perda do dereito de participación no Evento.



Departamento Municipal de Deportes de *Santiago*



8.- MODIFICACIÓN DO EVENTO

O Concello de Santiago de Compostela poderá deixar sen efecto ou modificar a data da celebración do evento por causas de forza maior.